



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA O SERVIZO DE AUGAS MUNICIPAL DE BARREIROS

Pola Xunta de Goberno Local do 15 de setembro de 2020 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas vacantes no servizo de augas municipal de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.com e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

En Barreiros, 21 de setembro de 2020.- **A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.**

R. 2211

A FONSAGRADA

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2020, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a provisión con carácter temporal dun posto de auxiliar administrativo ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 23 de setembro de 2020.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2248

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2020, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a contratación con carácter temporal de condutor de motoniveladora, oficiais de primeira - maquinistas e oficiais de primeira- albaneis ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.